

Outubro 2010

## **CIG-Ensino denuncia que a Consellaría de Educación modifica os criterios dun premio de innovación, coa previsíbel intención de favorecer, unha vez máis, á privada concertada**

*A CIG-Ensino denuncia que a Consellaría de Educación vén de publicar no DOG a convocatoria dos premios á innovación educativa excluindo ao profesorado de Formación Profesional, dos conservatorios de música, de ensinanzas artísticas e de ensinanzas de idiomas, incrementando a contía do premio coa previsíbel intención de incrementar tamén os recursos destinados á privada.*

Na pasada convocatoria de 2009, eran destinatarios dos premios todo o profesorado de centros non universitarios. Mais este ano, en que a convocatoria se atrasou tres meses (pasou de ser en xuño a ser en setembro), a Consellaría exclúe o profesorado de ensino secundario non obrigatorio, agás bacharelato, practicando unha discriminación que non ten ningún tipo de explicación, nin sequera a orzamentaria, xa que se incrementan os premios e as contías.

A CIG-Ensino púxose en contacto coa Consellaría agardando que esta exclusión fose un erro, mais non é así, pois se ratificaron nos termos da convocatoria, polo que é completamente intencionado excluír a todo o profesorado de Formación Profesional e Ensinanzas Artísticas, musicais e de idiomas. Para a CIG-Ensino é absolutamente inaceptábel esta actitude da Consellaría de Educación que desatende deste xeito totalmente improcedente aos seus traballadores e traballa-

doras.

A que obedece entón este cambio de criterio no profesorado destinatario? Considerando a traxectoria desta Consellaría só hai unha resposta posible: desviar fondos aos centros privados concertados. No curso pasado puidemos comprobar como a Consellaría empregaba o Proxecto Abalar e o Proxecto de Plurilingüismo para favorecer os centros privados concertados, en detrimento dos centros públicos. Escoitabamos ademais, declaracións de altos cargos da Consellaría que xustificaban esta desviación de fondos criticando e difamando o profesorado da pública.

A CIG-Ensino vai esixir a rectificación desta convocatoria de maneira que inclúa a todo o profesorado non universitario e que a adxudicación dos premios non sexa empregada como un subterfuxio para desviar fondos á privada.